



## EDITORIAL

Benvinda a toda a nosa comunidade educativa a esta revista onde cada alumno/a mostra a súa creatividade en diferentes eidos: literatura, pintura, redacción xornalística...

Como de seguro sabedes, neste centro temos unha gran diversidade cultural que, lonxe de ser un atranco, supón un enriquecemento do que nos sentimos moi orgullosos e orgullosas. No IES Muralla Romana todo o alumnado ten as mesmas posibilidades de participar naquelas actividades que queira, ofrecéndonos así a oportunidade de demostrar os nosos talentos e medrar como persoas sen desigualdades.

Poderíamos dicir que somos como unha gran árbore que reflicte a diversidade do mundo, as súas diferentes pólas aportan cada unha a súa propia cor para crear un conxunto diverso pero unitario alimentado polo mesmo tronco e as mesmas raíces.

No noso instituto non só se ensinan contidos relacionados coas diferentes materias senón que nos orientan para desenvolvernos na sociedade, no traballo e na nosa vida en xeral. É un pracer presentarvos esta revista na que ao pasar as páxinas vos mergullaredes en diferentes mundos: poderedes acercarvos á particular visión sobre aspectos da vida que nos dan algúns compañeiros/as, ao noso rechazo á violencia de calquera tipo, ás variadas actividades realizadas tanto dentro como fóra do centro, que son moitas. Esperemos que a gocedes e coñezades con ela un pouco máis o que representa este centro para nós.



## SUMARIO

EDITORIAL .....	2
REFLEXIÓNS .....	3
NON Á GUERRA! .....	5
CONMEMORACIÓNS .....	8
PARTICIPAMOS .....	13
SAÍDAS FÓRA DO CENTRO .....	15
CLUB DE LECTURA .....	19
LETRAS GALEGAS .....	21
CREACIÓNS .....	22
REPORTAXE .....	28
ENTREVISTAS .....	33
AGRADECEMENTOS .....	35



Ana María  
11-06-2022

## “A miña avoa”

Por **Antía Núñez Castro, 2º ESO**

Vou falarvos da miña avoa. Ela dende que era pequena loitou por todos os seus dereitos. Sempre foi traballadora, pero sobre todo, era soñadora. Aínda que non aproveitou a súa vida a tope, sempre fixo todo o que podía. Cando eu nacín púxose moi contenta, xa que a partires daquela ía ter a alguén con quen xogar e con quen pasar o rato. Era baixiña, pero sempre quería coller a mazá que máis alta estaba na árbore. Tiña o cabelo escuro coma a noite, os ollos azuis moi clariños, o nariz pequeno igual cá boca e era delgada coma un pauciño. Esa era a miña avoa.

## LINGUA PROLETARIA DO MEU POBO, EU FÁLOA PORQUE SI,.....”

Celso Emilio Ferreiro

Por **Carla Bouza López 3º ESO**

Dende que son moi pequena permanece unha lembranza na miña memoria. Un día, estando no parque unha amiga miña e mais eu, falando, xogando, pintando... atopámonos ó carón dunhas mulleres que estaban a falar en lingua galega, perfecto, pensamos. Pero o que fixo que este recordo non se me esquecera, a día de hoxe, foi pola seguinte razón: cando os seus propios fillos ou outras nais do parque se lles achegaban, a súa única forma de comunicación era en castelán.

Foi o que ocorreu inmediatamente despois, o que tanto nos sorprendeu: de súpeto, oín unha voceciña ó meu carón falándome moi baixiño, que me dicía “estou soñando ou as mulleres que se atopan no banco preto de nós empregan o galego só para falaren entre elas?” A miña cara de estupefacción ó oír isto, era a mesma cá da miña amiga. Non dábamos creto de semellante parvada. Non

entendíamos por que cambiaban de idioma dependendo de con quen estivesen a falar. Chegamos á nosa casa igual de desconcertadas, polo que contamos o feito. E quedamos aínda máis abraiadas cando os nosos pais apoiaban a forma de actuar daquelas mulleres, usando como defensa a idea de que o galego só serve en Galiza, e non no exterior e que por iso a consideran unha lingua de menor rango, relacionándoa a determinadas clases económicas e sociais máis baixas. Por moito que nos dixeron, non compartimos esa visión. Fáisenos imposible renegar da nosa lingua de orixe desta maneira. É parte da nosa historia, é parte de nós.... e nós, somos parte dela.

## Unha nova realidade

Por **Zaida Recioy Carballeira 3º ESO**

Era unha vida moi normal, corrente, ata que un día unha triste noticia chega ás nosas vidas e apártanos de todo o que apreciábamos. Prívanos de ver os nosos seres queridos: avós, tíos, curmáns, padriños, amigos... Sen poder ir ao instiuto, escolas... Ter que empezar a tapar parte do noso rostro cunha máscara. Eu persoalmente miraba o televisor e o único que saían eran as mortes que houbo en tan pouco tempo, as únicas cousas para poder ver aos meus seres queridos era facer videochamada con eles e por último, como estabamos aínda estudando, tivemos que facer as nosas clases a través de internet. Tamén recordo cando ás oito da tarde, todos os días saíamos ás fiestras da nosas casas a aplaudir a todos os que traballaban moi duro para que as cousas mellorasen e se puxeran mellor.

Era o ano 2019, o covid chegou ás nosas vidas para quedar, con todo isto tivemos que aprender a adaptarnos a todas as normas para aprender a convivir con el ata o día de hoxe no ano 2022.

## ESCURIDADE

Por **Jennifer Fernández 4º ESO**

(2010)

“Cada día que pasa non podo evitar pensar en que pasará. Que será de min? Poderei con todo isto? Non sei. Non teño resposta. O único que si coñezo é o medo que percorre o meu interior cada vez que me atopo rodeada de vinte persoas coa mesma ideade ca min, e nun espazo de non máis de cento trinta metros cadrados. Así é, esa é a miña realidade. Odio todo. Máis ben odio a inxustiza e a crueldade. Sinceramente creo que isto é inxusto e moi cruel. Que fixen eu para merecer isto?”

(2022)

“Verdadeiramente estes pensamentos inundaron a miña mente durante os meus anos na secundaria. Era un sufrimento para min. Insoportable. Non me atrevía a dicirlo a ninguén. Pero un día decidínme a facelo e foi a mellor decisión da miña vida. Todo mudou para mellor. Agora atópome no mesmo lugar onde crin que nunca regresaría. Nesta ocasión os roles cambiaron. Son eu quen axuda aos demais. De feito, quedan escasos minutos para que entre o meu próximo paciente, unha rapaza que viviu a mesma situación ca min e se animou a contalo.” Na actualidade este tipo de situacións son máis frecuentes do que pensamos. Moitas vítimas atrévense a contalo como a protagonista deste microrrelato. Porén, moitas outras non son capaces. É traballo de todos rematar co antagonista que intenta ocultar a todos os heroes e heroínas que brillan na escuridade.

**Rematemos xuntos co acoso escolar !**



Por **Candela Fernández Vázquez 4º ESO**

O tempo pasa tan rápido que ás veces chega a sorprendernos a velocidade coa que transcorren as cousas. Cando somos pequenos estamos desexando facernos maiores e ao final, canto máis maiores nos facemos máis ganas temos de volver a ser aqueles rapaciños cuxa única preocupación era que os nosos pais nos levaran ao parque a xogar cos nosos amigos. Supoño que esa ansia por querer medrar é normal: cando somos pequenos observamos o mundo dun xeito diferente, cunha inocencia característica dos rapaces desa idade e, como é evidente, sen saber o difícil que é medrar e ver como cada vez as cousas se van complicando e non resultan tan doadas como nos parecía. E parece que foi onte cando falaba coas miñas amigas sobre o que queríamos estudar e a nosa futura casa xuntas. E pasa o tempo e cada vez temos máis claro que aquelas conversas eran unha tontería, pero unha tontería que ilusionaba a unhas rapazas de dez anos que pensaban que estarían xuntas para toda a vida. Medramos física e mentalmente e canto máis medramos, máis queremos volver a aquelas charlas cheas de ilusión e inocencia. Que contradictorio, non si? Pasamos de querer que o tempo transcurra á velocidade da luz a desexar poder retroceder nel e recuperar a aqueles nenos que soñaban sen saber o que supoñía facerse maior

**As reflexións anteriores foron enviadas a EnRedandocogalego e publicadas na páxina web da Asociación de Escritores en Lingua Galega.**



## MANIFESTO: NON Á GUERRA!

### Alumnado 2º ESO A

**NÓS**, o alumnado de 2º ESO A do IES Muralla Romana, **QUEIXÁMONOS** dos conflitos bélicos que hai nestes momentos no mundo e queremos dicir ben alto que **NON ENTENDEMOS QUE:**

- A poboación ucraína teña que abandonar o seu país, a súa familia, os seus fogares...

- Persoas inocentes e militares teñan que combater nunha guerra declarada por políticos que só buscan o seu beneficio.

- Adolescentes vaian á guerra enganados pensando que non van matar a ninguén.

- Os países “fortes” ou poderosos se sigan aproveitando dos máis débiles.

- Os políticos elixidos para gobernar o seu país se esquezan da vida dos seus habitantes e só pensen na deles.

- Só governe xente que non debe gobernar.

**En resumo, QUEIXÁMONOS E NON ENTENDEMOS** que non aprenderamos nada da historia e sigamos vivindo na prehistoria.

**E POR TODO ISTO ESIXIMOS** que:



*Manifiesto en  
Radio LLama*

- Se pare a guerra porque nos afecta a todos e todas.

- Non haxa nunca máis familias desestruturadas por conflitos bélicos.

- Os políticos pensen máis no pobo e menos na economía.

- Non se recorra á violencia en ningún caso para resolver conflitos.

- Haxa máis entendemento, máis diálogo e unha educación en valores humanos.

- A convivencia e o respecto mutuo entre as persoas elimine todo tipo de fronteiras e se



Imaxe realizada polo alumnado de 3º PMAR

respecte a opinión de todas as persoas.

- A empatía entre os diferentes pobos oriente os políticos de todos os estados.

**EN DEFINITIVA, DICIMOS MOI ALTO:**

**NON Á GUERRA EN UCRAÍNA, NIN A NINGUNHA OUTRA GUERRA!**

**NON Á MANIPULACIÓN NA INFORMACIÓN QUE ENGANA AS PERSOAS QUE VIVEN O CONFLICTO DIRECTA E INDIRECTAMENTE!  
NON ÓS POLÍTICOS QUE SÓ PENSAN EN SI MESMOS!**

**E REIVINDICAMOS E ESIXIMOS: PAZ!**

15-03-2022

## MANIFESTO: NON Á GUERRA!

Alumnado 2º ESO B

**NÓS**, os/as alumnos/as de **2º ESO B** do IES Muralla manifestamos o noso total desacordo e a nosa **REPULSA** contra a guerra e nesta situación declaramos que estamos fartos de:

- Que un mandatario declare unha guerra, mais non estea disposto a ir a ela.
- Que un país queira someter a outro país
- Que haxa persoas obrigadas a defender o seu país nunha guerra.
- Que destrocen os edificios públicos, os hospitais, as residencias...
- Que haxa persoas que teñan medo a saír á rúa
- Que teñan que separarse as familias.
- Que suban os prezos da luz, o gas e a gasolina que nos afecta a todos e máis aínda ás persoas máis vulnerables.
- Que chegue a haber escasez de produtos básicos como aceite ou cereais.
- Que haxa xente que pase fame e calamidades debidas a esta situación.
- Que se mate ou que vexa truncada a súa vida xente inocente.

**E POR ISO ESIXIMOS** que:

- Rematen os conflitos bélicos
- Non morra xente inocente e as persoas, sobre todo os nenos, non teñan medo.
- Países como Ucraína volvan ser o que eran, que se recupere a súa poboación e as súas xentes poidan vivir en paz.
- Os criminais de guerra paguen os seus delitos con xustas condenas pola barbarie



Imaxe realizada polo alumnado de 3º PMAR

- cometida.
- Que impere o entendemento e o diálogo entre os países.

**EN DEFINITIVA:**

Queremos deixar ben claro que non queremos máis guerras, que morra máis xente inocente e as persoas perdan o seu fogar. A violencia non é o camiño.

**QUEREMOS VIVIR EN PAZ!!!!**



*Manifesto en  
Radio LLama*

## TODOS SOMOS UN

Por Anum Hussain Begum, 3º ESO

Nós, como estudantes do IES Muralla Romana queriamos transmitir a nosa preocupación polo conflito bélico que se está producindo en Ucraína por culpa do presidente de Rusia.

Poñémonos na pel dos rapaces e rapazas da nosa idade que xa non poden asistir ás escolas, foron separados das súas familias; moitos que se quedaron sen os seus seres queridos e sen o seu fogar e se ven obrigados a fuxir a outros países.

Entristécenos moito que estean sufrindo cidadáns inocentes de ambos países e non entendemos como algunhas persoas poidan poñer en valor cousas materiais por riba dos seres humanos.

Por iso queremos pedir que sexamos empáticos con quen está padecendo este inferno, porque hoxe son eles pero en calquera momento podemos ser nós.



Radio LLama

Esta reflexión foi publicada na sección Cartas al director do xornal "El Progreso" o 22/03/2022



Lectores dos manifestos en Radio LLama



Imaxe realizada polo alumnado de 3º PMAR



## O SAMAÍN: CELEBRANDO O MEDO

Coa chegada do Samaín propuxémonos indagar na historia desta festa e participar facendo creacións propias.

O alumnado de **3ºPMAR** buscou información sobre orixes desta celebración, logo realizaron uns carteis e puxéronlle voz á información recompilada participando en Radio LLama.

O alumnado de **1º ESO A** fixo a súa propia participación creando uns versos para a

ocasión, recollemos aquí algunhas mostras, se queredes velas todas tedes que ir ao blog Lecturas e andanzas.



Samaín en  
Radio LLama



## 25N: NON MÁIS BÁGOAS!

Durante todo o mes de novembro o noso centro implicouse na conmemoración do 25N, contra violencia de xénero.

**Anum Zahra (3º ESO)** realizou o deseño do cartel principal que colocamos por todo o centro. Trátase dunha marabillosa ilustración que reflicte o sufrimento, moitas veces en silencio, das mulleres que se ven atacadas. No cartel tamén aparece o lema escollido este ano para a ocasión: **NON MÁIS BÁGOAS!** **María e Jennifer F. (4º ESO A)** deseñaron a chapa que se repartiu ese día entre toda a comunidade educativa e para rematalas a tempo axudaron **Uxía, Naiara, Violeta (2º ESO)**, ademais doutras mans colaboradoras. Os alumnos e alumnas de **1º ESO A e 2º ESO A** fixeron haikus poñendo a súa propia voz contra este tipo de violencia.

Tamén botamos man dos versos publicados por Carlos Negro no seu libro *Penúltimas tendencias* resaltando a muller como figura central e gravamos un vídeo no que participaron as alumnas de **4º ESO A: María, Jenni F., Sara R., Sara e Aitana** e as

profesoras **Marta e Rocío**.

Fixemos, por outra banda, unha adaptación dunha parte do libro *Somos las nietas de las hijas que no pudisteis quemar*, de Ame Soler.

Os protagonistas serían **Elena (profe) e Iván (profe)**, e o **alumnado de 3º ESO A** interpretarían os personaxes "secundarios".

Os/as compañeiros/as de **3ºESOB/PMAR** realizaron murais amosando o seu enfado ante esta situación.

As compañeiras de **1ºESBE** escribiron un conmovedor poema para a ocasión e simulamos coa súa destreza na maquillaxe as feridas das mulleres maltratadas fisicamente, **1º e 2ºESINBE** expresaron os seus pensamentos sobre este día cuns murais, aos que tamén se uniu o alumnado de **2ºESTBEL**.

Xa vedes que foi un mes intenso, pero todo o traballo mereceu a pena se conseguimos remover algunha conciencia



Radio LLama  
25N



## 31 DE XANEIRO: AS CORES DA PAZ

O mundo no que vivimos precisa cores que transmitan enerxía, luz e sentimentos positivos para conseguir a tranquilidade e a PAZ que

todos e todas merecemos. Estes sentimentos reflíctense en todos os marcapáxinas que ilustramos e acompañamos de haikus, frases... relacionadas con este tema. Fomos deixando todas as creacións nun mural para que as gozase todo o instituto e deixar patente o nosos nosos desexos de paz. Desexos que nos levaron tamén a escribir correos postais dirixidos á PAZ para que nos axudase a facer un mellor.



## SEMENTANDO CON ROSALÍA DE CASTRO

Encantounos a actividade que promoveu a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** e decidímonos a plantar os #SementadePensamentos. Cando fomos mercar as plantas preferidas da nosa escritora homenaxeada non as atopamos nas tendas, así que decidimos debuxar os nosos propios pensamentos poñendo neles palabras rosalianas. Sementamos durante días lembrando a semente que plantara Rosalía de Castro e paseniño fomos facendo que foran visibles, nun colorido mural e en todos os nosos corazóns, as ilusións que nos facía mover a nosa Rosalía. Participaron activamente nesta actividade o alumnado de **3º ESO B**.

Chegou o 23 de febreiro e con el o tempo de darlles voz aos





versos de Rosalía, decidimos comezar, á primeira hora da mañá, lendo poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas* nas voces do alumnado de **2ºESO**. A este recitado uniríase máis tarde **Sara Pico**, de **3º ESO A**. No tempo de lecer, **compoñentes do club de lectura** leron o manifesto de Beatriz Maceda Abeleira (AELG) para lembrar que a **NOSA ROSALÍA SEGUE EN NÓS**.



## 8M: MULLERES NA NOSA VIDA

Dispostos a conmemorar o 8M o alumnado púxose mans á obra e as colaboracións foron diversas e variadas.

O alumnado de **3ª ESO PMAR** realizou un pequeno mural con ilustracións e textos reivindicando a figura feminina. Ademais elaboraron un rap para a ocasión que logo interpretaron en **RADIO LLAMA**.

A nosa radio tamén serviu para darlle voz ás creacións realizadas ensalzando figuras femininas que, aínda que son anónimas para o gran público, son un referente e un pilar importante na vida do alumnado. O equipo de **Radio Llama** e os membros do **club de lectura** leron os textos escritos polxs seus/súas compañeirxs co fin de seguir compartindo historias de mulleres no tempo de lecer .

O alumnado de **1º ESO B\_C** e **2º ESO C**, realizou un vídeo sobre as mulleres que para eles e elas fixeron historia, podíase ver na




**Radio LLama**  
**8M**

pantalla do corredor da entrada do centro. Neste vídeo coñecemos a historia de mulleres pioneiras como: *Amelia Earhart, Anna Frank, Hipatia, Concepción Arenal, Isabel Zendán, Marie Curie, Micaela Chao, Emilia Pardo Bazán, Irene Sendler, María Pita, Qiu Jom...* Como colofón a todas as actividades feitas en torno ao 8M gozamos dun concerto de música en directo, interpretado por **Fátima e Nuria** (Entresóns), no que ademais de escoitar música coñecemos anécdotas, citas e detalles curiosos das compositoras ao longo dos tempos, pero que non gozaron do recoñecemento merecido polo feito de ser MULLER. Grazas Fátima e Nuria por compartir uns momentos inesquecibles!

## DÍA DA POESÍA: UN FEIXE DE VERSOS

Nestas datas o **club de lectura** estivo dedicado a ler poesía, como non, concretamente o libro **Nós outras** escrito por Marica Campo e ilustrado por



Menchu Lamas e para animar a lelo e gozar dos seus versos fixeron un recitado que foi emitido por Radio LLama.

Así mesmo a rapazada de **1º ESO B** e **1º ESO C** achegaron as súas composicións reflectindo a súa forma de vivir este xénero literario.



**Radio LLama**  
**Día da Poesía**

## DÍA DO LIBRO: RECREANDO O SILENCIO

O **club de lectura** compuxo un poema colectivo, logo de elixir unha palabra da lectura de **Silencio**, escrita polo escritor e amigo, Fran Alonso. O poema podedes lelo na sección desta revista "Club de lectura". Unha vez rematado o poema e pensada a ilustración, entre todos e todas os/as lectores/as e andantes, só quedaba plasmalos nos lenzos para que fosen unha lembranza de como vivimos o Día do Libro. **Anum e Uxía** (en colaboración co resto do equipo) puxéronse mans á obra ata ver plasmado o traballo de todos nunha fermosa composición, que agora fica á vista de todos no corredor diante da biblioteca.

Asemade o alumnado de **1º ESO B** realizaron uns fermosos marcapáxinas para celebrar este día tan sinalado.



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS: A LITERATURA NO EXILIO

Fíxose lectura da obra do autor homenaxeado e indagouse sobre a súa vida.

Quen quixo entreterse ao mesmo aprender algo máis sobre o autor puido resolver os dous pasapalabras que se puxeron no blog do club de lectura.

Alumnado de 2º ESO realizaron un vídeo no que se fala de Florencio Delgado Gurriarán, sobre a súa vida e recítanse algúns dos seus poemas (grazas á axuda da súa profe Marta).



Por outra banda, o martes 31 de maio **Débora Álvarez**, directora do proxecto As Letras de Florencio, achegou aspectos da vida e obra de Fernando Delgado Gurriarán ao **alumnado de ESO**.



## XXVII CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERERO PARDO

A alumna **Sara Pico** (3º ESO) participou no certame de relatos curtos Traperero Pardo organizado polo Concello de Lugo e obtivo o segundo premio na categoría de 12 a 14 anos polo súa composición titulada *Un gusto por unha vida*. Podedes lela nesta revista na sección de "Creacións". Sara, ademais da satisfacción de ser galardoada, levou un diploma, un lote de libros e un premio valorado en 100 € que lle foi entregado o 23 de febreiro no auditorio do Vello Cárcere de Lugo.

Parabéns para Sara e o seu talento creativo!



## TÍRALLE DA LINGUA



No mes de novembro as nosas compañeiras **Sara Pico** (3º ESO) e **Nahir Armesto** (1º BAC) participaron no XX Concurso de relato oral Tíralle da lingua convocado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Sara fíxoo cun relato titulado O hábito do defunto e Nahir con O leñador honrado. As dúas puxeron os seus mellores dotes na narración oral, polo que as felicitamos. Non recibiron premio para para nós son gañadoras.



## CONCURSO JÓVENES TALENTOS

O día 10 de marzo un numeroso grupo de **alumnos e alumnas de 2º ESO** participaron no concurso de relato curto Jóvenes talentos, patrocinado por Coca-Cola. Participaron na modalidade de relato en lingua galega que se fixo de forma telemática debido á situación sanitaria que vivimos. Os rapaces fixeron uso dos ordenadores dunha das aulas de informática e, inspirados por un estímulo creativo que lles ofrecía a organización, durante dúas horas estiveron concentrados en crear as súas historias co seu maior afán.

Temos que dicir que a rapazada participante dixo que fora unha gran experiencia e, aínda que non lograron ningún premio, estarían dispostos a repetir, así que vos animamos a participar aos que vos guste escribir. Parabéns, rapaces/as!



## CONCURSO PERIODISMO NA ESCOLA

**Alumnado de 4º ESO** participou cunha reportaxe no concurso *Periodismo na escola* dentro do programa Prensa escuela organizado por *La Voz de Galicia* e conseguiron o premio provincial de Lugo. A magnífica reportaxe que achegaron nesta actividade leva por título: "**Galicia, berce de intérpretes, romarías e verbenas**" e foi publicada en *La Voz de Galicia* o 23 de marzo. Na nota de prensa na que se anunciaba a obtención do premioponse de manifesto o gran traballo realizado:

**Da música galega se caer nos tópicos** "*Falar da música de Galicia pode acabar sendo un rosario de tópicos, pero os alumnos de 4º ESO do IES Muralla Romana (Lugo), dirixidos por María Xesús Adán, conseguírono. Quedou terceiro de Galicia cos seus 5 votos do xurado, que destacou o ambicioso da reportaxe e as moitas voces consultadas, dende o máis tradicional da*

*música aos novos movementos."*

A reportaxe tamén a recollemos nesta revista para que a poidades ler xa e facer unha viaxe pola nosa música.

Moitos parabéns a todos e a todas polo premio provincial de Lugo e polo recoñecemento a nivel de Galicia! Esperamos que continuedes polo camiño da escrita e o impulso cultural na nosa lingua.



## ENREDANDO CO GALEGO

No mes de maio, coincidindo ademais co mes das Letras Galegas, o noso centro participou un ano máis no EnRedandocogalego.

### **Alumnado de todos os cursos da ESO**

animouse a usar máis a nosa lingua durante tres semanas e poñer por escrito as súas reflexións e o seu talento creativo tanto en prosa como en verso.

O 19 de abril acercáronse ao noso centro Lois Pérez,

Anxo Lamelo e Rubén Arroxo para presentaren a actividade no salón de actos.

Viñeron acompañados por Leo Arremecaghona que nos fixo gozar da súa música e das letras das súas cancións. Isto foi o impulso inicial que levou aos rapaces a ter máis presente a nosa lingua en todos os aspectos. Das súas composicións tedes unha mostra na sección "Creacións" desta revista, pero para ver todas as interesantes e diversas participacións só tedes que ir a internet e buscar enRedandocogalego 2022 e levaravos á páxina web da Asociación de Escritores en



Lingua Galega onde se foron publicando todos os textos.

Os agasallos que ten preparados a organización para a rapazada participante daranse nunha festa final que promete ser moi "atractiva" e que terá lugar a mediados de xuño.

Parabéns a todos os participantes, que de seguro seguirán enredando co galego!!!



## RUTA ARTE URBANA CON GUIDO

Alá polo mes de novembro os **membros do club de lectura** comezaron unha nova andanza da man de **Guido**, que os acompañou durante cinco horas, nun día frío e non moi chuvioso, pola nosa cidade para ensinalles algunhas mostras da arte urbana. Nesta visita o seu cicerone informounos de moitos temas de interese que lles axudaron a comezar unha nova e ilusionante aventura que lles levaría ata final de curso e que ía rematar en nada máis nin nada menos que a publicación dun libro. Se ides á sección do club de lectura desta revista poderedes informarnos máis polo miúdo do proceso.





## RUTAS LITERARIAS POLO MUSEO

A finais do mes de xaneiro alumnado de **2º ESO** participou nas Rutas Literarias que leva a cabo o Museo Provincial de Lugo.

Comezamos primeiro lendo e compartindo opinións nas clases sobre os relatos do libro *Contos de fantasmas* sobre o que tratarían as actividades que se ían facer no museo.

Logo no museo, a rapazada foi dividida en catro grupos: cada grupo debía traballar cun dos relatos. Así comezaron a investigar nas distintas dependencias e obter datos en relación coa obra lida. Esta aventura levounos a percorrer e coñecer o museo dun xeito diferente e enriquecedor.

Tiñan que ir contra reloxo, xa que o tempo estaba marcado. A sala 16 agardáboas para


coñecer o resultado final. Alí comprobaron os acertos e os erros das súas pesquisas e souberon cal fora o grupo que amosara máis pericia á hora de responder as preguntas e se convertera en gañador.

Non cabe dúbida que foi unha experiencia motivadora e moi enriquecedora.



## Excursión a Santiago

Sara Pico López, Carla Gómez Rodríguez, Zaida Recioy Carballeira,  
Celia Rodríguez Fernández e Anahir Ocampo Parapar



O pasado 16 de marzo nós, os alumnos de 3ºA, xunto cos alumnos de 3ºB, tivemos unha excursión a Santiago de Compostela. Das 8:45 ata as 18:30 estivemos visitando diferentes espazos do fermoso lugar. Imos contarche como nos foi!

As 8:45, ambos grupos, montamos no autobus rumbo a Santiago. No traxecto foi ben divertido estar cos amigos falando e xogando.

En primeiro lugar, dicirvos que os alumnos de 3ºA e os de 3ºB tivemos horarios diferentes

(en canto ao percorrido). Comezaron os de 3ºB coa visita ao Museo das Peregrinacións, que se atopa na Praza de Praterías. Nel falaron sobre a historia de Santiago de Compostela, de onde viña o seu nome, a historia da Catedral e a da vida do apóstolo Santiago (en relación co lugar). Mentres tanto, 3ºA demos unha volta polas diferentes prazas próximas, visitamos a Catedral de Santiago de Compostela, onde está enterrado o apóstolo Santiago, e o parque da Alameda, mesmo sacamos unha foto con Maruxa e Coralía, que fermosas son!

Non saíra 3ºB do Museo das Peregrinacións e a nós xa nos tocaba ir ao do Pobo Galego que se atopa no Mosteiro de Santo Domingo de Bonaval. Nel fixemos un xogo super entretido; por grupos, tiñamos que buscar (coa axuda de pistas) diferentes obxectos da cultura galega. Algúns eran máis sinxeliños, pero outros...

Así estivemos durante 1h, buscando e rebuscando. Cando rematamos o xogo, no mesmo museo, fomos visitar o Panteón dos Galegos Ilustres. Incrible pensar que tivemos a personaxes como Rosalía de Castro e Castelao tan preto...

Cando rematamos o noso percorrido polo Museo do Pobo Galego, cambiamos a visita aos de 3ºB, eles ían para este e nós para o das Peregrinacións. As actividades que fixemos en ambos museos foron as mesmas para os dous cursos.


E despois dunha longa visita, chegou a hora de xantar. Os dou cursos xantamos xunto a Catedral de Santiago de Compostela e paseamos preto dela.

Chegou a hora de marchar, a verdade e que despois dun día tan divertido, a ninguén nos apetecía facelo. Pero como se soe dicir, Non queda outra. As 18:30 chegamos a Lugo, dando por rematada a nosa viaxe.



## Excursión a Ourense

Sara Pico López, Carla Gómez Rodríguez, Zaida Recioy Carballeira,  
Celia Rodríguez Fernández e Anahir Ocampo Parapar



O pasado 20 de abril, nós, os alumnos de 3ºA e 3º B fomos de excursión visitar diferentes e fermosos lugares da cidade de Ourense, entre eles, Celanova, Vilanova dos Infantes e as termas de Outariz. Comezamos a viaxe en dirección Ourense, ás 8:45.

Cando chegamos a Ourense, concretamente a Vilanova dos Infantes, estaba agardando por nós Paula, a nosa guía que nos acompañaría durante a viaxe. Antes de comezar a contar o percorrido é importante destacar que a nosa viaxe xirou arredor dunha das tres grandes figuras do Rexurdimento, Curros Enríquez. Como iamós dicindo, cando chegamos a Vilanova dos

Infantes, Paula falounos brevemente da historia da vila e a continuación fomos visitar a torre do Homenaxe que destaca no lugar. Nela contounos a historia da Virxe do Cristal e fixemos a lectura dun dos poemas que Curros lle adicaba á mesma: *Almas ardentes pr'a chorar nacidas dicía un dos poemas (dese non realizamos a lectura)*. Logo subimos ao alto da torre e contemplamos, dende esta, a fermosura da pequena vila. Cando rematamos de percorrer a Vila, dirixímonos ata a seguinte,

Celanova. Ao chegar fixemos un pequeno descanso para repoñer forzas, pois un lugar tan fermoso merecía ser visto con bos ollos. Despois do descanso fomos visitar o Mosteiro de San Rosendo, nel puidemos gozar dun increíble concerto de órgano grazas á profesora organista do conservatorio de Ourense que nos explicou o seu funcionamento e tocou para nós unha increíble sinfonía do famoso compositor J. S. Bach. Fixemos unha entretida visita guiada polo mosteiro e despois volvemos con Paula para visitar a casa onde fora criado Curros Enríquez. Paula contounos a historia da casa, un pouco sobre a vida da familia, os libros do escritor e a súa vida, e logo estivemos vendo a casa libremente. Cando rematamos esta visita xa era hora de comer. Comemos na vila de Celanova. É importante mencionar que na casa de Curros fixemos a lectura doutros poemas do autor e tamén no mosteiro. Limos composicións como "O maio" entre outras. E finalmente ao rematar de comer fomos as termas de Outariz, bañámonos, paseamos... E despois dun longo e increíble día chegaba a hora de marchar, como na anterior excursión ninguén tiña ganas, repetiríamolo moitas máis veces.



## SAÍDA AO TEATRO

E continuamos a aprendizaxe fóra das aulas, o día 7 de febreiro o alumnado de **1º ESO e 2º ESO** asistiu no Auditorio Gustavo Feire á representación teatral, **Leonardo e os biosbardos**, posta en escena pola compañía "A Xanela do Maxín". Baseada na obra de Blanco Amor, nesta peza trátaranse temas como a superación dos medos, vencer as adversidades e plantarlle cara aos problemas que resultaron de interese para a rapazada. Esta actividade de acercamento ao xénero dramático foi un éxito.



## LECTURAS E ANDANZAS

Son moitas e variadas as lecturas e as andanzas que fixemos este curso, algunhas delas quedan recollidas na sección de "Commemoracións" desta revista, sempre acompañamos as nosas lecturas con actividades moi gorentosas coas que participamos, axudámonos, aprendemos e divertímonos (pouco máis se pode pedir!!!). Convidámosvos a botarlle unha ollada ao noso blog para ver todo o que fixemos en colaboración co equipo de Radio LLama e o Equipo de Normalización Lingüística e o grupo da biblioteca, ao fin ao cabo todos formamos un gran equipo.



Das múltiples andanzas queremos recoller aquí unha por ser especial para nós e da que

estamos moi orgullosos. Xa temos nas nosas mans un exemplar de **Andanzas literarias**, o libro no que traballamos ao longo do curso e recompila as nosas creacións baseadas nos graffiti ou murais que embelecen, aínda máis, á nosa cidade.

Non queremos cansarvos coa narración desta andanza, que levou moito, moito, moito tempo; por iso, imos contárvola dun xeito esquemático:

- Ruta pola arte urbana con Guido. Fotos dos murais e graffiti da nosa cidade.
- Elección do mural ou graffiti nas sesións do club de lectura para elaborar o texto literario.
- **Sara e Carla**, en representación de todxs, contactaron con **Fran Alonso**, autor de Street poems (obra que nos levou a pensar na posibilidade de facer nós algo semellante) para pedirlle consentimento por "plaxiar", "copiar" e "imitar" a súa idea.
- **Resposta de Fran Alonso animándonos e ofrecéndose a escribir o LIMAR da obra. GRAZAS, FRAN ALONSO polas túas palabras e polo tempo compartido con nós!!!** Compartimos as palabras do seu primeiro correo que nos animou, aínda máis.

*Prezadas Sara, Carla e demais:  
Ante todo, quero felicitaros pola vosa  
iniciativa e por ese traballo que tan boa pinta  
ten! Moitos parabéns!  
Faime moita ilusión que fose o meu libro  
Street poems o que vos tentase a facer algo  
semellante; estou seguro de que o pasastes  
moi ben, ademais de aprender bastante sobre  
a arte urbana e a capacidade creativa que  
todxs temos.  
Por suposto que podedes copiar, plaxiar ou  
imitar a miña idea, que para min será unha  
honra. E, por suposto, contade comigo para  
esa pequena introdución, que farei encantado.  
Moitas grazas e adiante!  
Apertas,  
Fran*

- Decisión de non revelar a identidade do autor/a do graffiti ou mural, de non estar clara a súa sinatura. (Andanza para o seguinte curso)
- Ubicación do lugar da nosa cidade onde se encontraban.
- Deseño da obra (grazas, **Marta**).
- Título e deseño de portada. **María Penín e Jennifer Fernández** compartiron as súas ideas con todos/as os/as compañeiros/as e así naceu: *Andanzas literarias*

Cando vimos o resultado final, pensamos en compartir o noso libro co maior número de persoas posibles, co fin de que coñecesen a nosa cidade a través da arte urbana e das nosas palabras. Seica non foi tarefa fácil, pero iso xa é outra historia.

E despois de todo veremos feitos realidade os nosos desexos e **presentaremos o noso libro o día 20 de xuño no Vello Cárcere ás 18:00 h acompañados/as por Guido e dous graffiteiros da nosa cidade**

Así mesmo, nestes momentos estamos gravando o contido de Andanzas literarias para facer un audiolibro no que poidades escoitar todas as nosas creacións.

## Club de lectura



**Club de  
lectura**



## FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Este ano as Letras Galegas foron adicadas a Florencio Delgado Gurriarán e queremos deixar aquí un breve percorrido pola súa vida e obra.

Naceu en 1903 no Córghomo, na comarca de Valdeorras (Ourense), no seo dunha familia de clase media acomodada. El e mais os seus catro irmáns foron educados no respecto á terra, ás tradicións e ao idioma galego. Seu pai era enxeñeiro agrónomo e desenvolveu traballos en Ourense, Palencia e Valladolid, sempre acompañado de toda a súa familia. Estudou Dereito e comezou a traballar nun despacho de avogados en Valdeorras, alí comezou a participar nas actividades culturais e sociais locais. Tamén asumirá o ideario do Partido Galeguista, ao que se afilia no 1933 e ao que non vai deixar de pertencer ata a súa morte. Nel chegará a ocupar cargos de moita responsabilidade.

En 1934 sae á luz o seu primeiro poemario **Bebedeira** no que a natureza ten un lugar destacado.

En 1936, tras o alzamento militar, Florencio nun primeiro momento, fuxindo da represión dos falanxistas, escapa a Zamora e de alí a Valladolid. Logo sairá do país, pasou a Tourem, e de alí ao Porto. Despois logrou embarcar rumbo Bordeos nun barco noruegués.

Será nesta cidade onde comeza a súa carreira militar. Nun primeiro momento o seu labor foi traer os homes que seguían a loitar no monte galego e os exiliados en Portugal para reforzar o exército republicano. Será en Francia onde chegou a derrota e a súa nova tarefa foi traballar de elo para artellar a saída dos refuxiados da fronte e da retagarda cara a América. No Ipanema, un deses barcos que axudou a salvar os perdedores na contenda, abandona Bordeos canda 997 exiliados máis, rumbo a México.

Florencio entrou de cheo na vida da comunidade galega en México. Intégrase no



Grupo Saudade e na Irmandade Galeguista de México e a súa primeira empresa foi a revista Saudade (en xullo de 1942).

Nestes anos coñece a Celia, tamén de orixe galega, coa vai formar unha familia. Pasou por múltiples ocupacións: vendedor de calzado, de aceites, de seguros e de roupa, ata que finalmente chega á empresa farmacéutica Queralt Mir, onde traballará o resto da súa vida.

O proxecto máis importante do exilio mexicano foi a fundación do Padroado da Cultura Galega en 1953. A través desta entidade, botaron a andar un programa radiofónico, ofrecían cursos de lingua galega, facían mostras de arte, de cinema etc. O seu labor máis salientable foi a edición da revista Vieiros (1959) que recollía nas súas páxinas "calquera idea literaria artística, filosófica, sempre que fose antifascista e non se apoiase na ditadura" e que destacou pola súa modernidade e calidade.

Será nesta etapa cando publicará **Galicia**

**infinda** (1963) que reúne boa parte da súa poesía de posguerra con poemas que prolongan a liña do libro anterior coa evocación animista da terra natal, outros de inspiración modernista, xuntos con poemas mexicanos que recollen paisaxes e ambientes aztecas, escritos nunha especie de galego crioulo mexicano.

A partir de finais dos anos sesenta fai varias viaxes a Valdeorras, a súa derradeira visita será en 1981 cando é recoñecido como membro de honra do Instituto de Estudos

Valdeorreses e ía ser nomeado membro correspondente da Real Academia Galega.

Esta viaxe coincide coa publicación de **Cantarenas**, unha compilación de homenaxe a Valdeorras.

Nunha visita a California, onde vivía unha das súas fillas, morre en 1987, aos 84 anos. Antes publicará o seu derradeiro traballo: **O soño do guieiro** (1986), o máis sentimental e combativo, que lle dedicou a Castelao. A súas cinzas foron soterradas no seu Córrego natal.

## POESÍA

### “Un verán inesquecible”

Un verán caloroso,  
cheo de enerxía,  
de alegría e de risos.  
Os nenos xogando no parque, a felicidade  
respírase no aire.

Chega o momento das tardes na praia,  
das reunións familiares,  
das noites cos teus amigos e amigas.  
Os días fanse máis longos,  
as noites máis curtas.

Un verán diferente, apaixonado.  
Un verán inesquecible,  
mais un verán tamén triste, un verán sen ti.

**Violeta Fraga Sal, 2ºESO A**

### O AMOR IMPOSIBLE

O día que te vin  
Ameite e non o comprendín,  
Mais o que por ti sentín,  
O meu corazón  
Rápido palpitou.  
Inmediatamente comprendín que  
Moito te amaría  
Pero ti non me  
Ollabas coma eu a ti,  
Silenciosamente  
Inicie a conversa contigo,  
Basicamente poderías ser o meu futuro,  
Lonxe ou non da realidade,  
Eu irei por ti!

**Duarte Díaz González, 3º ESO A**

### SAUDADE

Sorrisos, bágoas, inquedanzas.  
Salaos de ledicia, de tristura.  
Amor que enche a alma.  
Agarimo que enriquece o meu interior.

Eternas noites de inverno.  
Efémeras tardes de verán.  
Pequenos instantes,  
tan fugaces e pasaxeiros.

O recuncho daquel pradiño  
no corazón do meu fogar.  
Escóitase un algareo de risos,  
de almas puras e inocentes.

Momentos inesquecibles  
Vivencias nostálxicas  
Lembranzas moi presentes  
Memorias ancoradas no pasado.

Ai, querida infancia !  
Oxalá retroceder no tempo.  
Oxalá volver atrás.  
Parar e non avanzar.

**Jennifer Fernández Fariñas 4º ESO A**

Érase unha vez unha gata  
e un can. Ela era arreglada  
e el, un folgazán.

A gata namorouse do can  
e o can xogaba con ela,  
mentres a gata pensaba que era única,  
o can estaba coa cadela.

Pero, en vez de estar só coa cadela  
tamén estaba coa ra e coa foca  
e a gata namorada del,  
mentres el lambía outra boca.

A gata tiña unha amiga,  
esta era a raposa  
que, a parte de astuta,  
era intelixente e fermosa.

A raposa falou coa gata  
para que abrirea os ollos  
e a gata deuse conta  
e foi en busca de “pimpollos”.

A gata pasaba do can  
e este, o moi lacazán,  
volveu arrastrándose como babosa  
escribindo palabras de amor para ela  
tanto en verso como en prosa.

Unha vez que a gata  
xa se esqueceu do can  
foise coa súa amiga a raposa  
preparada a disfrutar.

Foron gozar da vida  
e aprenderon que dos machos  
nunca depende unha diva.

E, mentres elas ían de movida,  
o can deuse de conta  
da gatiña que perdía;  
pero, por mulleireiro e nugallán  
quedou sen amor e sen pan.

## O PASO DO TEMPO

Non fun afortunado,  
fun presa da monotonía  
que día a día me corroía  
e á que aínda non estaba acostumado.

Ao principio a miña estancia  
neste recuncho, chamado mundo,  
resumíase nun sorriso absurdo  
que reflectía a ignorancia da infancia.

Pronto chegou a adolescencia  
na que tanto devecía polas boas notas  
que definían a miña conciencia  
e que me roubaban a esencia da vida.

E entre cifras sen importancia  
e páxinas que me consumían  
cheguei á recta final da adolescencia,  
que non fun capaz de desfrutar como debía.

Comecei a adultez na que a miña única posesión  
era un título inservible, ou admirable,  
que só me subministraba a impresión  
de ter unha mente e pensamento volubles.

A miña madurez resúmese nunha rutina,  
nunha repetición constante  
na que só se vían implicados  
a cama, o prato e o váter.

E, ata que finalizou  
a peor etapa da miña vida  
que asemellaba ser infinda,  
non puiden volver revivir o que o meu corpo experimentou.

Aos meus 85 anos, na miña vellez,  
véxome de novo condenado a depender dos demais,  
alí sentado revivindo o que vivira de novo,  
desexando non ser un estorbo para ninguén.

E, agora, a dous días de ascender  
ao que aquí chaman “lugar mellor”  
comezo a comprender  
que para a vida fun e son un mal menor.

## PROSA

Cando era pequeno, miña nai tarareábame unha canción todas as noites para que me durmisse. Anos despois, tiven o meu primeiro fillo e cantáballe a mesma melodía. Unha noite, miña nai estivo escoitándome e preguntoume, onde aprendiches esa fermosa canción? Foi aí cando me dei conta de que ela non fora a que me adormecera todas as noites.

**Diego López Núñez, 2º ESO A**

### POCIÓN DA AMIZADE

#### INGREDIENTES

2 l. de auga  
4 pingas de colorante (mellor vermello)  
1 tarro de sorrisos  
7 bágoas de ledicia  
1 miguiña de amor  
Froitas e doces de moitas cores para decorar.

#### UTENSILIOS

Un caldeiro, un coador, un batedor eléctrico, uns botes para pocións de calquera forma, unha culler e un vaso.

#### ELABORACIÓN

Primeiro collemos o caldeiro, botamos nel os dous litros de auga e fervémola a 180º durante 5 minutos aproximadamente. Logo, collemos o bote de sorrisos e ímolos engadindo pouco a pouco na auga fervida para que se desfagan removéndoos coa culler. Seguidamente engadimos dúas gotas de colorante vermello coa bágoas de ledicia. Despois metémolo todo na neveira para que arrefría. Collemos o vaso no que poñemos unha miguiña de amor, engadimos dúas gotas de colorante vermello e removemos coa culler. Para rematar, sacamos o caldeiro da neveira, engadímoslle a mestura do vaso e batemos

todo co batedor eléctrico. ata que quede todo ben mesturado e enchemos os tarros para pocións coa preparación. Listo!

#### INDICACIÓNS

Débese tomar moderadamente e só dúas gotas por día. Alivia a tristeza de quen a tome e é bo para estar feliz.

#### CONTRAINDICACIÓNS

Non convén administralo a doentes con demasiada enerxía e felicidade e tampouco tomar máis de dúas gotas por día. Un consumo excesivo podería provocar alucinacións.

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN  
CHAMAR AO 450 32 27 30

**Carla Rodríguez Vázquez, 2º ESO B**

### DE VOLTA ÁS CORES

Todo comezou cunha nena chamada Claudia. Vivía nunha cidade sen cor, soamente branco e negro.

Un día a súa nai levouna de tendas, xa que precisaba roupa e sobre todo zapatos. Na tenda só atopaban prendas de cores apagadas: negro, branco, gris... A súa nai decatouse do seu desgusto e pediulle que dera unha volta á tenda. Niso, ela atopou nun recuncho un raio de cores. Eran os zapatos máis fermosos do que calquera podería imaxinar; pero sabía que tamén serían considerados peculiares pola xente da cidade. Mais a ela non lle preocupaba ser a ovella negra do rabaño. Colleunos e amosoullos á súa nai. Ao velos, pensou que á xente lle parecerían

desagradables e negouullo, xa que nunha comunidade o de ser diferente podería levala á discriminación.

De camiño a deixar os zapatos Claudia pensou que non era xusto que o que pensara a xente fora lei de ouro e decidiu demostrarlle a súa nai que non sempre as diferenzas son algo malo.

Escolleu uns zapatos brancos e ao chegar á casa colleu as súas cores do estoxo e comezou a enchelos de debuxos.

Ao día seguinte levounos á escola con éxito. Causou interese e os nenos comezaron a imitala.

As tendas recrearon aquela gran idea.

O considerado peculiar converteuse nunha gran innovación.

**Mencía Rego V., 3º ESO A**

## OS LIRIOS BRANCOS

Na terra de norte vivía un príncipe chamado Uxío, na terra de sur vivía unha princesa chamada Xiana.

Estos dous eidos estaban en conflito constantemente, os representante das dúas terras tiñan que reunirse cada pouco tempo para facer algún acordo; pero, no último encontro houbo unha gran liorta entre os dous representantes e enfadáronse moito entre eles. Aos poucos días Uxío e Xiana reuníronse para desculparse polo sucedido entre os seus pais, nesta visita eles dous namoráronse profundamente aínda que non dixeron nada de como se sentían.

Uxío e Xiana comezaron a verse máis veces para pasar tempo xuntos, pero para que os seus pais no se enterasen dos seus encontros víanse nunha pequena igrexa feita en honor á Virxe do Cristal.

A igrexa estaba rodeada dunhas belas flores brancas de seis petalos chamadas lirios brancos, que lles gusta á ambos dous, e quedábanse oaras observándoos, esquecendo que os dous veñen de terras que están en conflito.

Un día o pai de Xiana empezou a sospeitar dela e por iso díxolles a dous dos seus gardas que a vixiaran cando saíse.

Ela non sabía nada do que estaba tramando o seu pai (pero non lle deu moita importancia) e foi a ver ao seu namorado disposta a dicirlle como se sentía.

Ás poucas horas Xiana díxolle a Uxío que ela estaba namorada del desde o primeiro momento que se viron, Uxío sorprendouse un pouco pero tamen sentía o mesmo.

Xusto despois pasou unha gran desgraza, de súpeto apareceu o pai de Xulia fronte á igrexa e, sen dicir unha soa palabra, colleu a man da súa filla e intentou levala de volta á casa, pero ela díxolle que quería quedarse con Uxío.

O seu pai ignorouna e seguía camiñando.

Uxío tamén estaba axudando a Xiana para convencer ao seu pai, pero apareceu o pai de Uxío e díxolle que era imposible que eles dous estiveran xuntos, colleuno da man e tamén quixo levalo de volta á casa.

Despois de insistir moito, finalmente lograron levalos, aínda que fose en contra da súa vontade.

Uns días despois o pai de Xiana mandouna a vivir nunha pequena casa que se encontraba no medio do mar, e o pai de Uxío mandou aoseu fillo a vivir nas montañas para que así eles dous non se volverán ver.

Desafortunadamente, Xiana morreu nunha tormenta que provocou un tsunami no mar e Uxío morreu a causa dun furacán.

Desde aquel momento os lirios brancos partíronse en dúas metades, tres pétalos quedáronse nas montañas e outrso tres pétalo crecen nas beiras dos mares.

Despois desta desgraza a terra de Norte e a terra de Sur reconciliáronse entre eles e a xente destas dúas terras soubo que o lirios brancos se dividiron porque o amor entre Uxía e Xiana era verdadeiro, e por iso a Virxe do Cristal fixo o milagre de que a mesma flor crecese en distintos sitios.

**Anum Zahra Hussain Begum, 3º ESO B**

## HAI MOITOS ANOS..... PERO NON TANTOS.

Hai moitos anos, nunha época moi afastada, existía un pequeno poboado ao norte de Escocia, no que os seus habitantes vivían illados do resto do mundo.

Todo era paz e tranquilidade ata que un día, a mediados da primavera, empezaron a producirse ataques ao gando e saqueos aos campos de cultivo. Unha vez desaparecían varias cabras e ovellas. Outra, todo o millo e o trigo.

Ante esta situación, non lle quedou máis remedio ao gobernador de empezar unha minuciosa investigación. A primeira pista foron unhas pisadas xigantes que se dirixían cara ao bosque sombrío, que rodeaba a vila. Nel atoparon árbores caídas e restos óseos de animais salvaxes.

Outra cousa preocupante para a autoridade foi a desaparición das bolboretas multicores de oito ás. Especie única do lugar que se ocupaba de polinizar as colleitas dos campesiños.

Debido a todo isto, o alcalde reuniuse con representantes dos agricultores e campesiños. Quería organizar batidas para adentrarse no bosque. A primeira, seguiu un rastro ao longo dun pequeno arroyo de augas cristalinas. Despois de dúas horas, viron de lonxe, e entre matogueiras, un buraco enorme moi moi escuro. Parecía a boca dunha cova.

Achegáronse lentamente e dela empezou a saír un cheiro nauseabundo. Tiñan medo pero a trágica situación que estaban a vivir impedíalles dar a volta.

No fondo do buraco empezou a albiscarse unha silueta de máis de tres metros de alto. Era un trasno, un monstro de gran tamaño e enorme forza. Nese momento devoraba unha ovella dun bocado e tiña máis preparadas nas súas mans. Os homes estaban mortos de medo, nunca viran unha criatura así. Non

sabían que facer, as súas armas non servían para o que vían.

Estaban preparados para fuxir cando o monstro se levantou e pronunciou un son agudo e penetrante. A presenza deses pequenos seres aterrorizábaos. Saiu disparado da cova deixando aos animais e todas as súas pertenzas. Ninguén o podía crer. Todos permanecían incrédulos.

A partir dese día, na vila, a vida volveu á normalidade. Nunca máis se falou do tema pero todos se preguntában que pasara.

*Reflexión: Os homes, malia o seu pequeno tamaño, representan para outros seres, hábitats e mundos, unha ameaza brutal e violenta.*

**Alexandre Fraga Sal 4º ESO A**

Hoxe vouvos contar como encontramos un tesouro o meu curmán e mais eu. Un día decidimos saír a dar un paseo pola Coruña, fomos por un camiño que nunca tiñamos ido, entón encontramos un mapa que dicía :”se queres atoparme, ,deberás buscarme”. Entón empezamos a buscar onde se atopaba a montaña ,estaba preto do mar así que entramos para dentro, cando entramos había dous camiños, decidimos ir polo esquerdo onde había diferentes probas que tiñamos que facer se queriamos o tesouro. Despois de facer a última proba caemos dento dun túnel, e levounos a un cuarto onde estaba o tesouro, pero de repente empecei a escoitar auga e era porque a marea subira. A auga empezou a entrar naquel lugar así que escapamos. Cando saímos decatámonos que non tiñamos collido nada.

**Nabil el Achab 4º ESO B**

Os poemas e relatos son unha pequena mostra (unha por cada grupo) das creacións feitas polo alumnado participante no EnRedando co galego. Son para que vaiades facendo boca, se queredes seguir gozando coa lectura de máis textos só tedes que buscar en internet en **EnRedando co galego 2022 - AELG**

## Un Gusto por unha vida

Bo día. É así como queres que comece? De acordo.

Bo día, o meu nome é Raquel. Teño 54 anos e son nai de Pablo. Se queres saber onde me atopo, estou no hospital agardando a que remate a miña sesión de quimioterapia que pouco a pouco, fai que se desvaneza a miña alma. A forza que teño, se é que teño algunha máis da que xa me ocasiona o feito de respirar nestes momentos, emprégoa para escribir. É o único que me apetece facer, aínda que, escribir parvadas non serve para moito e contar a historia do meu fillo, que xa contei 50 veces, vólvese un pouco aburrido. Pero que outra cousa vou facer mentres agardo á “batalla temerosa” (que non se noten os meus estudos na facultade de filoloxía hispánica).

O meu fillo chamábase Pablo e naceu en 1984, un 17 de febreiro. Sempre fora un neno feliz ou polo menos facíanllo crer os nenos que, segundo el, se rían das súas parvadas (cousas de cativos que xa sabedes). Si, el escudábase niso e era feliz, pero a súa inocencia non lle permitía ver máis alá da risa dos nenos, ignorando a maldade que agochaban. Debo de dicir que eu tampouco agardaba que se riran del, mais tampouco agardaba outras cousas que pasarían máis adiante. Fun unha parva e unha covarde, de non selo, evitaría moitas cousas, pero por moito que me lamente non son quen de cambiar todo o pasado. Non sabía que Pablo ría pero tamén choraba por dentro. Non fun capaz de velo. Pero agora, mentres pouco a pouco os ollos se me pechan, tampouco o vou volver ver. Pablo era feliz, inocente e na escola todo seguiu o seu cauce. Agardaba que tamén fora así no instituto, coma nai, eu só quería o mellor para el, pero creo que non sabía que era o mellor para...

Chegou ao instituto e Pablo era moi intelixente, sabía moi ben como disfrazarse e

a venda nos meus ollos aínda axudaba mais a non ver a realidade. A súa inocencia dérase por rematada fai tempo, el sabía empregala cando o precisaba, precisamente diante miña. Eu estaba tranquila por que pensaba que todo estaba ben no instituto e as miñas preocupacións desvaneceríanse coma po no vento. O seu sorriso non me facía pensar en nada malo, non ata que vin as bágoas que o seu corpo tivera que tragar. Foi tempo o que tardei en decatarme, a pesar de que a xente dicía que Pablo non era como os demais. Eu non podía ver iso, o que menos esperaba é que realmente el se sentira así, diferente. Como podía ser así? Como non puiden ver a realidade?

Aínda agora non o entendo, por un momento na miña vida cheguei a ter a sensación de que estaba dentro dunha burbulla que reproducía unha realidade ideal.

Dende fora, para min, Pablo era o neno perfecto. Gustábame emparellalo con nenas, supoño que eu tamén era unha nena por dentro, penso que incluso era parva e inocente. Pablo molestábase cando o emparellaba e dicíame que nin de broma, que estaba tola, e daba por rematada a conversa. Foi moito tempo o que pasamos con ese estilo de vida. El pasábo mal mentres eu cría que todo era perfecto. Non sabía que el se sentía diferente e que, ás veces, non sabía nin quen era. Non era de ideas claras coma eu pensaba, e non é que iso fora malo, senón que realmente as dúbidas metérono nun cárcere no que ás veces as paredes non lle permitían respirar. Como disimulou diante miña a ansiedade? Como?

Chegaron novos tempos...Técnicamente todo seguía igual, pero en realidade algo no físico de Pablo estaba cambiando, en cuestión duns meses a roupa comezaba a afrouxar, comía menos, ocultábase moito, as súas mans... eran como as dun esqueleto. É certo que el me comentaba que se atopaba un pouco raro (a modo de indirecta) pero a miña venda só me permitía ver que iso era culpa da puberdade e dos cambios hormonais de

Pablo. A pesar de todo o que el dicía e eu podía ver, non se me pasou pola cabeza preocuparme mentres o meu fillo estaba sendo torturado por unha pantasma que lle amosaba a vida feliz mentres lle guiaba á morte escura. A bulimia, matábao pouco a pouco mentres lle facía ver que todo estaba ben. Diso rematei decatándome polo seu ingreso no hospital, non podía crer que un neno coma el estivese pasando por iso, e coma eu non me decatara antes. Daquela fun eu a que pasei ao seu lugar, a vivir oculta na miña depresión amosando a miña felicidade. As dúbidas e o desconcerto polo ocorrido leváronme a caer nunha depresión, pero como temía que lle afectara a Pablo, adiquei todas as miñas forzas, a día de hoxe esgotadas, a sacar un sorriso simplemente para a súa tranquilidade. Pablo puido saír do hospital e gañar a batalla contra esa pantasma. Eu seguía crendo que el xa estaba ben, pero iso non era así. Todo pasara e aínda así Pablo seguía confuso, sen saber identificarse, naquela época iso era unha parvada de enfermos mentais.

Un día a pesar de que para el era moi duro, decidiu confesarme que o que lle ocorría era que era homosexual e que xa estaba ben, que el non era parvo coma min e que me deixara de parvadas de depresións e de todo iso porque el así era coma se sentía e xa nada lle importaba, o único que quería era estar tranquilo e vivir feliz.

Pero sabedes o que fixen? O parvo, ser parva, ser mala nai, mala persoa, MALA. Fun mala e

parva e díxenlle que era un maldito enfermo mental, que non valía para nada, que non merecía nada, que non sabía nin vivir, que estaba ENFERMO. Collín todas as súas cousas, tireinas ao lixo e á forza leveino ao hospital. Seguindo o protocolo, o médico falou con el, levouno a psiquiatría e comezou co tratamento para enfermos de HOMOSEXUALIDADE.

Sabedes como rematou? Rematou falecendo, pero non o mataron os tratamentos, mateino eu por ter feito o que fixen, sabendo o que ía ocorrer e tratándoo coma un enfermo rematei con todo o que Pablo era...

Moitos pensaredes na persoa fría que son, no que fixen e na frialdade coa que conto como rematei coa vida do meu fillo pola miña ignorancia e covardía, máis agora son eu a que sufro e a que me quito a venda, porque agora que todo ocorreu é cando podo ver a realidade, a cal xa non podo cambiar.

Son Sara e esa mesma noite Raquel pechou a súa historia, dando por rematada a súa vida. Ela non era mala, nin moito menos, soamente estivo cegada polas mentes dunha época na que crían que a homosexualidade era unha enfermidade, considerada coma tal ata 1990, pola OMS.

**Sara Pico López, 3º ESO**

Este relato obtivo o segundo premio na categoría de 12 a 14 anos no XXVI Certame de conto e relatos curtos Trapero Pardo

## Reportaxe

A reportaxe seguinte foi publicada o 22 de marzo na sección "Prensa Escuela" de La Voz de Galicia. Ademais recibiu o primeiro premio a nivel da provincia de Lugo e quedou nun terceiro posto nas votacións a nivel de Galicia no certame Xornalismo na escola promovido por La Voz de Galicia e Norvento para fomentar os valores xornalísticos nas aulas galegas. Parabéns aos gañadores e gañadoras!!!!

## Galicia, Calidade musical

### Por que berce de intérpretes, romarías e verbenas?

Desde hai séculos, a música do noso país está considerada unha das de maior importancia da Península Ibérica, sobre todo durante a Alta Idade Media. Galicia foi berce da cultura musical peninsular, mesmo nobres e reis casteláns compoñían e escribían as súas cantigas en galego-portugués. Durante estes séculos, música e escritura estaban ligadas, cunha clara intención de representación por parte dos intérpretes medievais, coma os xograres. Atopamos tamén referencias dos Cantos de Nadal e Reis que chegarían, ata os nosos días, a través da tradición oral da mesma maneira cás coplas populares, cancións de berce e romances de cego .

Sería a finais do século XIX cando aparecerían recollidas a maior parte das composicións musicais tradicionais galegas: Alalás (manifestación musical máis antiga de Galicia), cantos de desafío (como premonición das “batallas de galos” do rap actual) alboradas, foliadas, regueifas...

Destes estilos de música nacería o gusto dos galegos polas romarías e verbenas:

*“Fui eu, madr’, en romaria a Faro con meu amigo” ( S. XIII).*

A etapa de maior esplendor das romarías foi na primeira década do século pasado. Situadas preto da igrexa, vencelladas á celebración do día do patrón de cada parroquia, rendíndolle homenaxe coa música e bailes, rematando ao final da xornada coa celebración dunha verbena, como espectáculo musical .

Aproximadamente durante todo o ano véñense celebrando unhas 4.500 verbenas, a maioría nas noites de verán. Actualmente, as verbenas son festas de gran acollida social, ás que acoden as xentes da parroquia, de

lugares próximos e, non tanto, cando nestas actúan orquestras de gran repercusión social como Panorama ou o Combo Dominicano.

### Música Folk: primeiros grupos e a súa herdanza renovada

A música Folk é un movemento artístico que integra instrumentos e características propias da música tradicional do territorio.

En Galicia predominou a incorporación de gaitas, pandeiretas e os “Alalás”, dándolles ás cancións un toque místico, característico da nosa terra. Os primeiros grupos xurdiron entre os anos 70 e 90 do S. XX, algúns destes foron, Fuxan os ventos, con composicións baseadas na música popular galega e tamén no compromiso social coa identidade galega; *Luar na Lubre*, con temas tradicionais, e tamén influencias celtas; *Milladoiro*, primeiro grupo folk que gravou música acompañados de pandeireteiras.

A partires desta magnífica base, nestes últimos anos, do presente século, xorden grupos como *Boyanka Kostova*, con “Muiñeira de Interior” . As orixes do nome do grupo remóntanse a un día no que na televisión apareceu unha atleta búlgara de halterofilia. Este dúo de músicos son considerados os impulsores do twerking rural, pioneiros do trap en galego. Destacar tamén a Alejandro Guillán, creador de Baiuca que leva anos mesturando os sons da música tradicional galega cos estilos máis actuais.

Non se pode esquecer a *Tanxugueiras* (fenómeno musical galego do momento) , trío de pandeireteiras , cun enfoque moderno da música popular e tradicional galega que levaron o seu “Alalá” ata o Benidorm Fest presentando a tradición galega a toda España.

### Os novos cantautores

Nos tempos que corren, son numerosos os rapaces e rapazas que deixan voar a súa imaxinación para agasallarmonos coas súas letras e melodías, entre os que atopamos a Xoel López, Andrés Suárez, Guadi, David Prado, Sés e Jorge Casal.

**Entrevistamos a Andrés Suárez**, que segundo declara entra na música dende moi

cativo; dende que ten uso de razón participa coa súa familia á que lembra tocando instrumentos e cantando nas festas da casa; posteriormente formaríase no conservatorio de música de Ferrol. Un artista apoiado dende que “quixo ser artista”. Lembra ademais o ben que cantaba o seu avó, tamén a influencia da melomanía de seu pai, do seu gusto pola diversidade musical que ía dende a música clásica ata Def, dende J.L. Guerra ata Radiohead, concibindo a música como ilimitada, sen saber de fronteiras, de idades, cores ou ideoloxías.

Cóntanos Andrés que é consciente de que perseguir un soño sempre vai ser a custa de renunciar a algo, ao tempo de lecer, ás amizades, aos lugares nos que lle gustaría estar, ...malia todo, compensa e gratifica adicarse a algo que sempre perseguíu, como a música. Aínda recoñecendo que en cada concerto se enfrenta a un reto no que é consciente de que o ten que dar todo por un público que está depositando nel e na súa arte, o seu tempo e agarimo.

Andrés Suárez recoñécenos que se sente máis galego que cantautor, que Galicia está en cada un dos seus versos, definindo o rumbo da súa vida. Os seus versos tamén definen a propia vida cotiá e os sentimentos humanos: unha aperta, a amizade, o amor ou a paisaxe dun bico, para así acompañar a quenquera, tanto na dor coma na ledicia. Maniféstase admirador da música galega, aledándose profundamente do éxito de Tanxugueiras, concibe a Galicia como terra musical, de raíz e historia, porque para el Galicia equivale a orquestra, a festas, ao canto afinado nos bares, a unha lembranza sonora. Mais non se aparta doutras colaboracións coa cultura musical en español, con cubanos como Pablo Milanés e o duo Buena Fe e tamén do ámbito musical español coma Eburne ou Beret; deles coméntanos que ten recollido a humildade, que nunca se deixa de aprender e deixa como consello para os máis novos que se queiran adentrar no mundo musical que nunca hai que subestimarse, que

non se escoiten críticas destrutivas e que se sexa capaz de soñar para conseguilo. Para rematar as súas declaracións, Andrés Suárez desvélanos que está preparando o seu noveno disco, priorizando sempre entre as súas composicións, a aquelas nas que se atopa traballando.

Unha das voces femininas máis recoñecidas é a cantautora cedeirense Guadi, mergullada no mundo artístico dende moi nova. Os seus comezos atopámoslos como música e vocalista do grupo *Berrogüetto*, co que obtén numerosos galardóns e recoñecementos. Anos máis tarde, continúa a súa carreira en solitario, aínda que tempo despois se une ao grupo aCadaCanto, non abandona os seus propios proxectos. Ademais é unha firme defensora da cultura galega e tamén do feminismo, aproveitando a súa proxección artística para transmitir mensaxes de igualdade. Por outra banda, decide facer algunhas versións de temas seus nas sete linguas da Península Ibérica, grazas ao que recibe o *Premio á Promoción da Realidade Plurilingüe do Estado 2020*. Actualmente, Guadi segue coa súa carreira conseguindo moitos logros polas súas fazañas musicais. Presentamos a **Jorge Casal**, un artista compostelán que comeza a sentirse apaixonado pola música dende moi cativo, medrando no berce dunha familia que compartía este mesmo gusto. Un dos seus traballos profesionais máis recoñecido é *El pulso fuerte*, disco que conta con colaboracións de artistas como Xabier Vizcaíno, produtor deste traballo discográfico e con quen fai a xira conxunta *Perros de nadie* por España para presentar as súas primeiras creacións. Jorge tamén emprega as plataformas dixitais para publicar as súas cancións, como por exemplo, *Como Gala e Dalí*, que conta con 48.000 visualizacións aproximadamente.

**Coñezamos algo máis da faceta artística de Jorge Casal:**

**Como e cando comezas na música?**

“Hai moitas maneiras de comezar. Eu debutei

profesionalmente moi tarde, no ano 2015, despois de bastante tempo tocando nas tabernas e nas rúas dun xeito diferente, aínda que para nada menos divertido. Para min foi en ambos casos, moi apaixonante, e aínda que, recalcando que cada artista vive as súas propias circunstancias, seguramente a maioría compartimos a grandes trazos, esta forma de vivir.”

### **Que che transmite o feito de poder expresar a través da música as túas emocións e sentimentos?**

“Creo que todos podemos facelo, mediante unha canción, un poema, un debuxo, incluso un acto... Dende logo é unha sorte chegar a emocionar a alguén, provocar unha emoción con algo sacado con máis ou menos dificultade, con máis ou menos dor, pero sempre dende o teu interior”.

### **En que te soes inspirar para compoñer? Cales son os teus temas favoritos para escribir?**

“Nunca me inspirei en nada de forma demasiado consciente. Cando estou ben, xeralmente, fago de todo menos escribir algo. Pero botando unha ollada aos meus traballos, é evidente que me preocupa o paso do tempo, o medo a que me queden cousas por facer, cousas por vivir... Quero vivir e facelo todo, e supoño que tamén o inexpugnable asusta.”

### **Como é o teu “proceso” creativo? Fas primeiro a letra ou a melodía?**

O certo é que son un absoluto iletrado no aspecto teórico da música, polo tanto estou totalmente limitado á hora de seguir parámetros lóxicos e no momento de compoñer.

Dependendo do día, comezo a partir dunha frase ou dunha melodía (ademais de complicarlle a vida aos meus músicos cando toca preparar os temas).”

### **É doado abrise camiño na vida musical en Galicia?**

“Agora levo un par de anos fóra dos escenarios, dando prioridade a cousas que tiña pendentes. Pero podo dicir que ata que

paramos, estabamos realmente felices e agradecidos, recibindo dende o primeiro concerto e disco moitísimo cariño e aceptación cara o noso traballo. Non podo máis que dar as grazas !”

### **Cal é a túa opinión sobre a música actual?**

“O normal para un tipo coma min, que non remata de sentirse no seu tempo, sería unha resposta categórica, que seguramente non terminara de ser intelixente. Dende logo, pódoches dicir que hai unha gran parte da música que está a soar que non acabo de entender, nin a súa esencia nin a súa repercusión. Tamén é certo que sae de xente que está constantemente facendo cousas increíbles. Hai que aferrarse a iso (e rezar).”



## Como consideras que pode influír a túa música e o seu contido nos rapaces de hoxe en día?

“Creo que teño un estilo moi versátil, e supoño que non todo o que faga é gusto para todos, pero ao final, eu sinto orgullo cando vexo nos meus concertos tanto rapaces de dezaseis anos coma adultos de setenta cantando as mesmas cancións. Isto faime pensar que algo aí anda ben.”

## Como foi traballar con Xabier Vizcaíno ?

“Traballar con Xabier foi, como sempre dixer, unha gran sorte. Ademais de ser un dos meus compositores preferidos, axudoume a despegar profesionalmente, ensinoume como funciona todo este mundo. Agradecemento eterno a el e a súa familia !”

## Tes pensado facer algunha xira este ano?

“Aínda non sei con certeza o que vai ocorrer, pero supoño que pronto tocará reabrir as redes e tomar algunha decisión ao respecto. Nun lugar ou noutro... queda aínda moito por facer !

## Influencia da música latina

Dende hai uns anos, a música latina, estendeuse por todo o mundo cos seus ritmos pegadizos e coa ledicia que contaxian; nos últimos anos, a música galega bebe desta influencia para evolucionar cara a unha música moi presente entre os máis novos. Algúns dos artistas galegos que teñen presente a música latina para as súas composicións son: Ortiga, artista compostelán, cun estilo baseado na música das verbenas, Son Da Rúa e That Bass, que cantan rap en galego.

Entre os grupos galegos máis destacados actualmente atópase Verto, grupo musical composto por Alberto Mira e Fernando Peleteiro, que alcanza un gran desenvolvemento na música pop e trap en galego, tendo millóns de escoitas en Spotify. Iniciou en 2019, e dende entón o seu éxito foi aumentando. Entre as súas cancións máis coñecidas está “Oie Gayego”, editada en 2020

e que conta con máis de 140 mil visualizacións en YouTube, tamén “Pa´impresionar”. Son temas creativos pertencentes ao xénero trap, no que o grupo se serve dos estereotipos relacionados co galego e que con fino humor e ironía trasládana á composición musical. Tamén contamos con Aid, a súa canción Boogie Vigo foi calificada como single latino da semana en iTunes. En 2011, a canción Apréndeo foi considerada a canción máis escoitada en lingua galega en YouTube e en 2012 publicou Rapoemas, un libro-disco que versiona, a ritmo de rap e música urbana, clásicos da literatura galega como Rosalía, Curros, A. Cunqueiro,..

## Parodia musical: Páramo Pictures

Xa durante a Idade Media se cambiaban os textos das melodías. A música popular tamén empregou a parodia con melodías xa existentes ou con lixeiras modificacións das mesmas. O pasado sinalou a importancia da parodia como recurso estimulante á construción da conciencia crítica.

Na actualidade a maioría das parodias musicais son humorísticas e teñen o fin de entreter e divertir o público. En Galicia, este “estilo” é moi ben acollido debido ao carácter retranqueiro da identidade galega, un exemplo representativo da parodia en lingua galega é o grupo Páramo Pictures.

Páramo Pictures realiza parodias humorísticas, partindo do enxebrismo galego. Ás veces aproveitan para facer un retrato da sociedade galega. Este trío parodístico formouse, fai oito anos, parodiando os hits musicais do momento; por exemplo: “Bertolina” parodia do vídeo “Adrenalina”, esta composición é a que máis repercusión logrou ata o día de hoxe grazas ás redes sociais. Precisamente, nestas plataformas difunden as súas parodias. A súa última creación ‘Oles moito a xel’ trátase dunha “parodia coronavírica” do tema All the things she said, do dúo ruso t.A.T.u.

**4ª A-ESO- IES Muralla Romana (Lugo)**

## ENTREVISTA A OLALLA CAAMAÑO LÓPEZ

Ola chámome Anum Zahra e hoxe imos entrevistar a unha educadora social que actualmente está traballando na Fundación Juan Soñador, axudando a moitas persoas.

**Como te chamas e a que te dedicas?**

Chamome Olalla e son educadora social.

**Canto tempo levas dedicándote a este taballo?**

Levo dedicándome a este traballo 15 anos.

**Outras experiencias laborales relevantes?**

Bueno, traballei como camareira, axudante fregando pratos, dependenta, azafata en eventos e nalgúns que outros traballiños artísticos relacionados coa música.

**Que estudaches para traballar de educadora social?**

Eu estudei diplomatura en Educación Social.

**Que te levou a traballar de educadora social?**

Pois cando era adolescente non sabía que facer, porque ninguén me dicía nada e tampouco me aconsellaban. Entón, como sacaba boas notas, pois funme a unha carreira de “boas notas” e funme a Informática, pero non me gustou e costoume moito moito o paso de deixalo, aínda que tiveron boas experiencias e gracias a isto me coñecín a min mesma e me din conta de que o que realmente me gustaba era axudar ás persoas; entón vin cales eran as carreiras relacionadas con iso e gustoume Educación Social, porque tamén me gustaba a psicología, ensinar... e a Educación Social tiña de todo.

**Aspectos positivos e negativos do teu traballo?**

Aspectos positivos é que esta profesión che enche a alma, podes estar coa xente, coñecela moito, collerlles moito cariño, axudala e acompañala e iso é marabilloso. Ten outras moitísimas cousas boas, é divertido e alegre, todos os días te vas con cousas bonitas.

Que ten de negativo? que é duro porque ás

veces pasaron cousas moi difíciles, entón preocupaste por esa persoas, aínda que si intentas levalo ben, pero aínda así sempre te preocupas.



**Algo que consideres indispensable na túa profesión?**

Depende da persoa pero para min unha das cousas máis importantes na miña vida e no meu traballo é o humor porque iso fai que a vida sexa máis alegre, e outra cousa moi importante é o cariño.

**Botando a vista atrás cambiarías algo da túa etapa coma estudante?**

Bueno está ben como están as cousas, entrei na carreira con máis idade da que debería pero iso tamén fixo que realizara a carreira con máis madurez e aprendín a saber o que non quería na miña vida. Realizar a carreira foi emocionalmente bastante duro pero aprendín moitísimo e tiveron unhas experiencias que valeron para o meu traballo.

Que cambiaría? pois de forma ideal gustaríame que tivese a posibilidade de escoller, coñecerme a min mesma, de que alguén me axudase máis no proceso de escoller unha carreira ou algo ao que dedicarme, pero si mereceu a pena porque aprendín de min mesma.

**Anum Zahra Hussain Begum, 3º ESO**

## ENTREVISTA A SUSO ANLLO PAZ

Hoxe entrevisto a Suso Anllo Paz, é un veciño do barrio da Milagrosa coñecido polo seu negocio de óptica. Achegámonos a el para facerlle unha entrevista. Comezamos...

**Ola Suso vou facerche unhas preguntas para a revista do IES MURALLA ROMANA**

Boas tardes, estou encantado de que se interesen por min.

**Bueno comezamos, cal foi o teu primeiro traballo antes de abrir unha óptica ?**

Antes de estudar Óptica fixen unha FP de Electricidade e traballei como electricista durante os veráns entre curso e curso.

Despois, cando acabei a carreira, traballei nunha óptica en Santiago, logo en Sanxenxo e despois en Canarias, na illa da Palma e logo na Gomera. Despois volví para a miña casa situada en Lugo o 13 de xuño de 2004, abrín o meu establecemento na praza da Milagrosa, e no 2012 o segundo establecemento na Fonte dos Ranchos.

**Tes fillos ? cantos ?**

Teño 2 , actualmente.

**Cantos anos tes ?**

Actualmente teño 49.

**Con cantos anos pensas retirarte ?**

Gustaríame retirarme dentro de 10 anos.

**Cantos anos levas na óptica ?**

Levo desde o 2004, 18 anos, pero levo 25 anos desde que empecei a traballar en óptica. E empecei a traballar con 18 anos, de electricista .

**Gustaríache que un fillo teu seguira levando o teu negocio no futuro?**

Por suposto, sería unha liberación para min . Viviches en Lugo toda a vida?

Non, nacín en Cospeito ata o 18, vin estudar a Lugo durante 5 anos, vivín en Santiago outros 5, en Sanxenxo durante 3 anos e logo na illa da Palma e na Illa da Gomera (en Canarias)

**Donde sacaches a túa carreira de óptico?**

En Santiago de Compostela, na Universidade.

**Que é o que máis te gusta no teu traballo? e o que menos?**

O que máis me gusta do meu traballo é empatizar coas persoas e dar coas solucións ideais para os seus problemas.

O que menos é o mogollon de horas que teño que facer como propietario de dous establecementos, para coordinar os departamentos.

**É estable un negocio de óptica?**

Si, como calquera outro negocio, mentres te apliques e loites por el. E sexas honesto co cliente porque ao fin de contas son os teus veciños.

**Tiñas boas notas no teu pasado ?**

En absoluto, repetín 3º de Primaria, odiaba saír ao encerado e ningún profesor apostaba por min, só era bo en Debuxo, pero sabía que se non me formaba só podería traballar no campo como os meus pais .

**Aparte do traballo, que afeccións téis?**

Gústame a horta, a cría de aves de corral autóctonas, a construción e pescar.

**Que deporte che gusta ?**

Andar en bici.

**Onde che gustaría vivir se non estiveses en Lugo ?**

Gustaríame vivir na Gomera, fun moi feliz; pero tamén en Cospeito. Non me importaría vivir na montaña semiillado .

Con isto acaban as preguntas, moitas grazas, Suso. Bo día!

Bo día! grazas a ti.

**Aitami Anllo Rodríguez, 3º ESO**

---

## AGRADECEMENTOS

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES MURALLA ROMANA de Lugo quere agradecer a participación nesta revista a todo o alumnado e profesorado implicado.

Vaia o noso agradecemento á colaboración do Club de lectura, a radio LLama e ao grupo da biblioteca, ao fin ao cabo todos formamos un gran equipo e a todos traballamos cunhas mesmas metas, seguir coidando a nosa árbore comunitaria para que cada día sexa máis frondosa.

Felicítamos, así mesmo á persoa encargada de deseñar a portada e a todos e todas que fixeron posible a contraportada.

Sen a súa inestimable axuda e colaboración, non poderíamos ver publicado este proxecto.

Mil grazas!!!!!!

## CALENDARIO O ANO DOS SENTIDOS

Fotografías e ilustracións achegadas polos/as participantes do concurso fotográfico "O ano dos sentidos"

